



## Santa Cruz de Ribadulla

### Santa Cruz de Ribadulla

Cruz vén do latín *crux, crucis*. Este nome procede da santificación da cruz ou madeiro sobre o que foi crucificado Cristo.



### Ortigueira

Procede do latín *urticaria* e este á súa vez de *urtica*, que dá no galego a forma común *ortiga*. Ten abundante presenza na toponimia galega.



### Sol

A orixe deste topónimo está na palabra latina *sol* 'sol, astro e deus'.

A pesar de ser nome común de xénero masculino, xa dende a Idade Media se emprega como nome feminino para mulleres, posiblemente por influencia relixiosa ou árabe, onde o sol, *xams*, era un antropónimo feminino.



### Agrelo

Este topónimo non ten nada que ver cunha finca de grelos, senón que é un diminutivo de *agro*, e este do latín *ager, agri* 'campo'.

O substantivo *agrelo* está perfectamente documentado nos diccionarios e aparece co significado de agro de pequenas dimensións.



### O Outeiro

Este topónimo procede da base latina *altariu*, formado sobre *altaria*, plural de *alta-**re*. Significa 'lugar elevado, alto'.

Abundan en grande cantidade e é de singular localización, xa que normalmente atópase no noroeste peninsular.



### A Albea de Arriba

Aínda que é de orixe un pouco escura, Elixio Rivas di que presenta unha raíz indo-europea *\*alb/\*alp* 'altura, monte'.



### A Lagoa

Este hidrónimo está relacionado coa palabra *lacus*, 'lago ou lagoa'.



### O Vao

Este topónimo ten a súa orixe na palabra latina *vatu* 'vao', probablemente por referencia a un lugar pouco profundo do río polo que se podía cruzar.



### Sete

Presenta una orixe descoñecida, ainda que parece o numeral.



### A Torre de Arriba, do Medio e de Abaixo

O presente nome de lugar vén do latín *turre* 'torre fortaleza', quizais motivado pola presenza dunha edificación defensiva.



Elixio Rivas emparenta a forma latina *turre* co irlandés *tor* 'rochedo, torre', gaélico *torr* 'outeiro, torre' e cónico *tor* 'monte', procedentes dunha base céltica *\*ta-r, \*taur-, \*tor-r, \*tur-*-r- 'monte'.

### Pazos

Este topónimo vén do latín *palatiūm*, 'pazo, casa dun gran señor'.

Os nomes de lugar coma este poden estar motivados pola presenza dun pazo en épocas anteriores. Debemos ter en conta que ás veces os nomes de lugar sobreviven ás construcciones ou edificacions (pazo, igrexa, mosteiro...) que lles deron orixe.



### Tomonde

Este nome de lugar procede do xermaníco *\*(villa) Theodemundi*, de *Theodemundus*, 'protector do pobo'.

A terminación *-mundi*, xerativo de *-mundus*, vén do tema góticu *\*munda*, 'protección'.

Este nome propio probablemente facía referencia ó dono dunha quinta e dunha gran extensión de terra, e así, o nome do dono pasou a dar nome ó lugar.



### Galegos

Este nome de lugar está claramente vinculado ó nome Galicia. Segundo Elixio Rivas *Gallaecia* nace no século I d. C., formada sobre o étimon latinizado *Gallaecos*, os actuais galegos. Outras formas documentadas na Idade Media son *Galicia, Kallaikias, Galiciania...* A forma primitiva debiu ser *\*Cal-ekko*, que significa 'rocha, monte, costa dura'.



### A Famelga

Este nome de lugar procede do latín *famelia*. Segundo Gonzalo Navaza fai referencia a unha propiedade de pequena extensión pouco produtiva.



### Eiravedra

Este topónimo está composto por dous elementos: o primeiro procede da forma latina *area* 'eira' e o segundo de *vetera*, 'vella'.



### A Foz

Procede do latín *fauce* 'garganta, paso estreito, desfiladeiro, boca dun porto'. Tamén pode facer alusión a un paso (entre montañas ás veces) ou val estreito.

Neste caso próximo a este lugar non hai ningunha desembocadura, polo cal ten más lóxica que teña que ver cun paso estreito no monte.

